



PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

MEMORIA XUSTIFICATIVA COMPLEMENTARIA

Por indicación da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de persoal, propónse a seguinte modificación da proposta que se atopa en trámite:

No apartado 1.5.- Creacións doutros postos de traballo con dotación orzamentaria

MAC030000015770035 XEFATURA SECCIÓN DE COORDINACIÓN

Cambiase a adscrición a administración no senso seguinte:

- Adscrición Administración: Adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia,

No apartado 2.5.- Modificación do perfil de determinados postos de traballo para adaptalos as necesidades do servizo (sen custo económico)

MAC040000115770007 SERVIZO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL DE PLANS E PROGRAMAS

(anteriormente: MAC0300000215770007)

Modifícanse as escalas e especialidade no senso seguinte:

- Escalas: enxeñería superior, enxeñería técnica e arquitectura
- Especialidades: enxeñería agronómica, enxeñería de montes, enxeñería técnica agrícola e arquitectura

Xustificación:

Este servizo ten como funcións a avaliación da incidencia dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (artigo 12.2.4.2.1. do Decreto 137/2024).

En concreto, este servizo ten como función principal a avaliación ambiental estratéxica dos plans e programas que se adopten ou aproben por unha Administración pública, establecendo un marco para a futura autorización de proxectos sometidos a avaliación de impacto ambiental e referidos a: agricultura, gandería, silvicultura, enerxía, minería, xestión dos recursos hídricos, ordenación do territorio urbano e rural, usos do solo, (...). Sendo un procedemento transversal preventivo que ven a impoñer a consideración dos valores ambientais na toma de decisións na



elaboración dos plans e programas, co obxecto asegurar a sostibilidade do desenvolvemento económico.

Dentro dos plans e programas que se someten a avaliación ambiental é preciso destacar, polo importante volume de tramitación, a avaliación ambiental dos instrumentos de planificación urbanística, así como a valoración das categorías e usos admisibles no solo rústico de especial protección agropecuaria, forestal, de augas, paisaxísticas, etc.

Dada a complexidade das funcións do posto e a necesidade de dispor da capacidade técnica suficiente de conformidade coas normas sobre cualificacións profesionais e da educación superior, considérase imprescindible a inclusión destas escalas e especialidades para garantir unha xestión eficiente e sostible dentro do marco normativo en materia de medio ambiente, na regulación básica estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia.

MAC040000115770015 XEFATURA SERVIZO AVALIACIÓN AMBIENTAL DE PROXECTOS

(anteriormente: MAC030000215770015)

Modifícanse as escalas e especialidade no senso seguinte:

- Escalas: ciencias, enxeñería superior e enxeñería técnica
- Especialidades: bioloxía, ciencias do mar, enxeñería agronómica e enxeñería técnica agrícola

Xustificación:

Este servizo ten como funcións a avaliación da incidencia dos efectos de determinados proxectos no ambiente (artigo 12.2.4.2.2. do Decreto 137/2024).

En concreto este servizo ten como función principal a avaliación de impacto ambiental de proxectos, cun carácter marcadamente multidisciplinar que abarca a avaliación de moitos e diversos proxectos, con posibles efectos nos diferentes aspectos ambientais que son obxecto de análise dende diferentes campos de coñecemento.

Neste sentido propóñense as seguintes titulacións que se xustifican como de seguido se explica: A especialidade de bioloxía mantense como na actualidade.

Xustificación da especialidade de Ciencias do Mar

A Avaliación de Impacto Ambiental (AIA) require coñecementos técnicos especializados, especialmente en proxectos que afectan o medio mariño e costeiro-que no caso desta comunidade autónoma ten unha especial relevancia-como infraestruturas portuarias, piscifactorías, depuradoras, ou vertidos ao mar. A titulación en Ciencias do Mar achega unha formación integral en oceanografía, biodiversidade mariña, contaminación e lexislación ambiental, imprescindible para valorar con rigor os impactos e propor medidas adecuadas.

O persoal funcionario desta especialidade está mellor preparado para interpretar os estudos ambientais, garantir o cumprimento normativo e protexer os ecosistemas mariños, contribuíndo a unha xestión sustentable e á toma de decisións fundamentadas.

Polo tanto, a especialidade de ciencias do mar está plenamente xustificada pola complexidade técnica dos proxectos mariños e costeiros ou que poidan afectalos, e pola necesidade de garantir unha protección ambiental efectiva.

Xustificación da escala de enxeñería agronómica



A Avaliación de Impacto Ambiental (AIA) abrangue unha ampla variedade de proxectos, moitos deles relacionados co medio rural-que no caso desta comunidade autónoma ten unha especial relevancia- como explotacións agrícolas, gandeiras, forestais, regadíos, parques eólicos en zonas agrarias ou infraestruturas asociadas ao desenvolvemento territorial. A titulación en Enxeñaría Agronómica proporciona unha formación multidisciplinar en edafoloxía, ecoloxía, produción vexetal e animal, hidroloxía, planificación territorial e lexislación ambiental.

Este perfil técnico está especialmente capacitado para analizar o impacto de actividades agrarias e forestais sobre o medio ambiente e conciliar o desenvolvemento económico co respecto ambiental, especialmente en contornas agroforestais.

Por tanto, a especialidade de enxeñaría agronómica garante un enfoque técnico sólido, práctico e integral, especialmente axeitado para os numerosos proxectos vinculados ao territorio e ao sector primario.

Xustificación da especialidade de enxeñaría agrícola

Moitos dos proxectos sometidos a Avaliación de Impacto Ambiental (AIA) están vinculados ao medio rural, que ten unha especial relevancia nesta comunidade autónoma: instalacións agrícolas e gandeiras, transformacións de uso do solo, regadíos, infraestruturas agrarias ou forestais, entre outros. A titulación en Enxeñaría Técnica Agrícola achega unha formación sólida e práctica en produción agrícola, uso sustentable dos recursos naturais, conservación do solo e da auga, xestión de espazos rurais e normativa ambiental.

Este perfil profesional destaca por ter coñecementos aplicados sobre os impactos ambientais de proxectos agrarios e forestais e avaliar a viabilidade e sustentabilidade das actuacións no medio rural.

Por todo isto, esta especialidade garante unha análise rigorosa e práctica dos proxectos que afectan ao medio rural, favorecendo unha xestión equilibrada e sustentable do territorio.

MAC040000115770020 SERVIZO PREV. E CONTROL INTGDO. CONTAMINACION

(anteriormente: MAC030000215770020)

Modifícanse as escalas e especialidade no senso seguinte:

- Escalas: ciencias e enxeñaría superior
- Especialidades: bioloxía, química, física e enxeñaría industrial (suprímese a enxeñaría de minas)

Xustificación dos cambios:

O Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación tramita, outorga e fai o seguimento das autorizacións ambientais integradas outorgadas ás instalacións industriais (artigo 12.2.4.2.3. do Decreto 137/2024)

En concreto, no servizo tramítanse, outórganse e faise o seguimento das autorizacións ambientais integradas das instalacións industriais e agrogandeiras con maior potencial contaminante de Galicia, en aplicación da Directiva europea de emisións industriais e da súa transposición ao ordenamento xurídico español (RDL 1/2016 e RD 815/2013).

A concesión das autorizacións ambientais integradas, así como o seu seguimento, implica a avaliación técnica de actividades industriais complexas, polo que é preciso que o responsable do servizo posúa unha formación científica rigorosa.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo de San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
www.xunta.gal



O persoal funcionario da especialidade Física aporta coñecementos clave na modelización de procesos físicos (dispersión de contaminantes, enerxía, radiación, etc), análise de datos ambientais e comprensión de tecnoloxía industriais e enerxías limpas. A súa formación multidisciplinar permite unha visión técnica integral e obxectiva, e a súa capacidade para interpretar modelos e sistemas de control ambiental favorecen decisións fundamentadas, seguras e sostibles.

O persoal funcionario da especialidade en Bioloxía ou Química posúe a formación científica necesaria para avaliar con rigor os procesos contaminantes e a súa interacción cos ecosistemas, a auga, o aire ou o solo. Un biólogo está especialmente cualificado para valorar os efectos sobre a biodiversidade, os hábitats naturais e os ciclos ecolóxicos; e pola súa parte un químico domina os procesos de xeración, tratamento e transformación de contaminantes, cuestións clave para interpretar emisións, residuos e tratamentos físico-químicos aplicados na industria.

Finalmente, o persoal funcionario da especialidade de Enxeñería Industrial está especialmente capacitado para comprender e avaliar o funcionamento técnico das instalacións, os seus sistemas de produción, consumo enerxético, emisións e xeración de residuos. Grazas á súa formación, pode analizar con solvencia os procesos tecnolóxicos aplicados, identificar melloras na eficiencia e sostibilidade, valorar a viabilidade técnica das medidas correctoras ou preventivas propostas nos proxectos e promover o emprego das mellores técnicas dispoñibles.

MAC040000015770006 POSTO BASE SUBGRUPO A1

(anteriormente: MAC030000015770006)

Retírase a modificación de este posto

MAC020000215770010 XEFATURA SERVIZO RESIDUOS

(anteriormente: MAC030000315770010)

Ademais do código e o centro directivo modifícanse as seguintes características do posto:

- Corpo: superior facultativo
- Escalas: ciencias / enxeñería superior
- Especialidades: bioloxía, enxeñería química, e enxeñería industrial

Xustificación:

Este servizo ten como funcións o control da xestión de residuos (artigo 12.2.5.2.1. do Decreto 137/2024).

En concreto, este servizo abarca aspectos clave da prevención, tratamento, rastrexabilidade e valorización dos residuos xerados na Comunidade Autónoma de Galicia. Por esta razón, e co obxectivo de facilitar a cobertura da praza, ábrese a inclusión das especialidades de bioloxía, enxeñaría química e enxeñaría industrial, dado que todas proporcionan coñecementos técnico-científicos fundamentais para abordar a problemática desde unha perspectiva integral.

A especialidade en bioloxía achega unha visión técnica e científica na xestión de residuos, combinando a análise dos impactos ambientais coa optimización de procesos de tratamento e valorización. O persoal funcionario da especialidade de bioloxía pode contribuír á elaboración



de plans autonómicos, supervisión da rastrexabilidade, desenvolvemento de estratexias de economía circular e xestión de residuos agrícolas, sanitarios e industriais, participando tamén na tramitación de autorizacións para garantir o cumprimento das normativas ambientais e na administración do Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, reforzando a transparencia e control na xestión dos residuos.

A especialidade de enxeñaría química achega coñecementos técnicos e científicos para optimizar os procesos de tratamento e reciclaxe, supervisar autorizacións de xestores, controlar a rastrexabilidade dos residuos e desenvolver novas tecnoloxías de valorización que melloren a eficiencia dos sistemas de xestión. O persoal funcionario da especialidade de enxeñaría química proporciona as ferramentas necesarias para a análise da contaminación derivada dos procesos industriais, asegurando o cumprimento das normativas ambientais e fomentando solucións innovadoras que contribúan á redución e reutilización de residuos, en consonancia coa estratexia de economía circular.

Por último, a inclusión da especialidade en enxeñaría industrial responde á necesidade de abordar os aspectos técnicos e operativos na xestión de residuos. O persoal funcionario da especialidade Enxeñaría Industrial permite optimizar os procesos produtivos para minimizar a xeración de residuos, aplicar tecnoloxías avanzadas de automatización e control industrial na xestión dos residuos e desenvolver sistemas de reciclaxe e valorización máis eficientes. Ademais, os coñecementos en seguridade industrial contribúen ao cumprimento das normativas ambientais, asegurando procesos seguros e sostibles dentro da estratexia de xestión de residuos da Comunidade Autónoma.

Dada a complexidade das funcións do posto e a necesidade de dispor de coñecementos técnico-científicos avanzados, considérase imprescindible a inclusión destas especialidades para garantir unha xestión eficiente e sostible dos residuos en Galicia, reforzando tanto a vertente ecolóxica e ambiental como a tecnolóxica e industrial dentro do marco normativo e estratéxico da Comunidade Autónoma.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A secretaria xeral técnica

Carmen Bouso Montero

